



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE MARZO DE 2015

Ás 9.32 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os señores Jesús Miguel Muñoz Cantero, Manue-Reyes García Hurtado e Sonia Souto Camba.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da reunión da CRUSOE (Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo) o pasado martes na Universidade do Minho. Incorporáronse a este foro tres universidades de Portugal centro (Aveiro, Coimbra e Beira do Interior), así como a Universidade de Oviedo. O reitor aproveita para lle dar os parabéns ao profesor José Manuel Sobrino Heredia, pola concesión do doutoramento honoris causa pola Universidade Titu Maiorescu de Bucarest.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, do estado das convocatorias de axudas de apoio á etapa predoutoral e de axudas á etapa inicial da formación posdoutoral da Xunta de Galicia, así como da próxima resolución das convocatorias con prazo concluído a finais de febreiro de axudas de investigación da UDC. Así mesmo, informa da previsión de convocatorias no eido da transferencia ao longo do ano 2015 e da conclusión, no día de hoxe, do prazo de solicitudes de axudas para unidades mixtas de investigación da Axencia Galega de Innovación, en que se está a presentar unha solicitude conxunta entre a UDC e Navantia.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa da preparación do recurso de alzada contra a Resolución do 12 de febreiro, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se suprimen tres mestrados da nosa universidade. Houbo varias reunións negociadoras coa Xunta, para tratar de chegar a un acordo que permita ofertar estes mestrados. Acordouse presentar un recurso de alzada para darlle a posibilidade á



Xunta de modificar a Resolución do 12 de febreiro, de modo que se poidan ofertar o vindeiro curso os tres mestrados internacionais.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa de que, con data 27 de febreiro e 18 de marzo, foron autorizadas pola Dirección Xeral de Orzamentos da Xunta de Galicia as ofertas de emprego público de PDI para 2015 e 2013, respectivamente.

Lembra tamén que a OEP2015 incluía dúas prazas de catedrático de universidade e seis de profesor contratado doutor e a de 2013 dúas prazas de titular de universidade. Estas ofertas foron enviadas ao BOE e ao DOG o xoves 19 de marzo.

Por outra banda, o vice-reitor informa de que no último Consello de Goberno se aprobou a convocatoria dunha praza CIS P6 para cubrir a baixa por IT da profesora Carla Rey. O tempo de resposta da Xunta de Galicia e da resolución do concurso levaron a que ate este xoves 19 non puidera resolverse a praza para a que só se presentou unha candidata. A docencia pendente para o segundo cuadrimestre da profesora Rey (156 horas) non se pode cubrir só cun CIS P6 (180 anuais) polo que necesitaríamos tirar dunha lista, que non temos.

Para cubrir as sete semanas sen docencia que arrastran os estudantes de tres grupos acordouse co centro desdobrar horas nesa materia e propónse, mentres dure a baixa, pasar unha das persoas interinas da área a TC. O nome do/a profesor/a que cambia a dedicación facilitarase no próximo Consello de Goberno.

Esta situación lévanos a propoñer un pequeno cambio na xestión de prazas para o próximo POD 2015-2016. Até o de agora non se autorizaban cambios de dedicación dos CIS de tempo parcial a TC (nin tampouco concursos agás situacións excepcionais dos Parga Pondal que remataban o seu contrato mentres non se convocaba a correspondente praza de PCD). No seguinte POD autorizaranse cambios de dedicación de tempo parcial a tempo completo baixo as seguintes condicións:

- Para cubrir baixas temporais do PDI, mentres duren estas. Unha vez rematada a baixa volverá á dedicación anterior.



- Antes de convocar novas prazas de CIS ou asociado proporase, no caso de existir necesidades docentes suficientes, o paso de CIS de tempo parcial a completo, sempre que conte con algunha acreditación para axudante doutor, profesor contratado doutor ou titular de universidade.

Finalmente, o vicerreitor informa da concesión dunha venia docente ao profesor Lino Carbajo García para impartir docencia durante o curso 2014-2015 na EU de Enfermaría da Coruña na área de Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saúde.

A **vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas**, en primeiro lugar, dá conta de que, desde o anterior Consello de Goberno, informou a Comisión de Asuntos Económicos de imputacións autorizadas ao exercicio corrente por obrigas xeradas en exercicios anteriores correspondentes aos expedientes V-0001-15 a V-0007-15 por un importe total de 320 686,77 €

Por outra banda, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, na súa sesión do 18 de marzo, validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2015 por importe de 984 027,19 € correspondentes aos expedientes C-0001-15, C-0003-15, C-0004-15 e C-0005-15 de Intervención. Porén, a Comisión detectou nalgún destes expedientes de gasto incumprimentos das normas de cerramento do exercicio e doutras normas de execución orzamentaria, en cantidades simbólicas, polo que se decidiu chamar os responsables dos centros afectados para lembrarilles as súas obrigas e responsabilidades na execución e comunicarlles sancións pouco significativas, para tratar de evitar que estas situacións se repitan no futuro.

Informa tamén de que mañá terán lugar en Santiago dúas reunións:

- A da Comisión de Seguimento do PFSUG 2011-2015 para enfocar problemas co cálculo dun indicador estrutural.
- A do grupo de traballo de elaboración do PFSUG 2016-2020 cunha orde do día ambiciosa en que se tratarán, entre outros, os seguintes temas:
 - O sistema de repartición da parte estrutural
 - O sistema de repartición do fondo asociado a resultados (definición de indicadores incluída)
 - O peso relativo de cada unha das partes.



As tres universidades acordamos solicitar ante a Xunta a determinación do marco financeiro do plan antes de tratar estes tres temas e, en calquera caso, adiar a definición dos indicadores do fondo por resultados a reunións posteriores.

O **xerente** informa de que por Resolución reitoral do 18 de marzo se determinaron os servizos mínimos na UDC durante a xornada de folga convocada para mañá 24 de marzo no ámbito do ensino universitario.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de febreiro.

O secretario xeral comenta dúas modificacións.

Unha na quenda de informe do vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, para aclarar que os representantes da Universidade na reunión que tivo lugar na Secretaría Xeral de Universidades descoñecían a vontade da Xunta de suprimir os mestrados que finalmente se recolleron na Resolución do 12 de febreiro de 2015.

A segunda é unha modificación na intervención da decana da Facultade de Filoloxía na quenda aberta de intervencións, para que conste que solicita que se defendan todos os mestrados, en particular o de Literatura, Cultura e Diversidade.

Coas modificacións anteriores, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, oito convenios específicos (8), e sesenta e nove convenios para prácticas (69) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Fernando Vázquez solicita que conste a súa abstención ao convenio de prácticas n.º 21, por se realizar cunha empresa de armamento.



A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Límite de prazas para o curso 2015-2016

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expoñer os límites de prazas propostos polos centros para o curso 2015-2016 para os graos e mestrados, e tamén para cursos ponte.

As propostas proveñen das distintas xuntas de centro e axústanse xa ás instrucións que figuran na Resolución do 12 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

En especial, o vicerreitor detense na explicación das variacións de prazas respecto do ano anterior. Trátase do caso do grao de Arquitectura Técnica, que pasa de 160 a 90 prazas; grao en Enxeñaría de Obras Públicas, que pasa de 108 a 80; grao en Enxeñaría Mecánica, que pasa de 60 a 40; grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, que pasa de 50 a 30; os graos filolóxicos (hai un erro no grao de Filoloxía Inglesa, as prazas correctas son 125-95), en que se propoñen simultaneidades.

Respecto dos mestrados, mantense a oferta do ano anterior, incluídos os tres mestrados internacionais anulados pola Resolución do 12 de febreiro, á espera de que se resolva o recurso de alzada que se vai presentar.

Os cursos ponte reducíronse por mor da normativa MECES recentemente aprobada polo Goberno central. No entanto, séguense ofertando algúns cursos ponte por pedimento dos propios centros.

Sen producirse intervencións, o punto apróbbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Procedemento extraordinario de preinscrición nos mestrados universitarios para alumnos que non posúen un título universitario

Continúa coa palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que expón que se trata de resolver o problema dalgunhas titulacións transformadas en grao+mestrado onde o mestrado outorga habilitación profesional, que fai preciso ter aprobado previamente o grao.



O procedemento proposto permite que os estudantes que están en disposición de rematar os graos se poidan preinscribir nos mestrados, mesmo os non profesionalizantes, con posibilidade de asistir ás aulas e avaliarse nas actividades do primeiro cuatrimestre.

A proposta apróbbase por asentimento, e incorpórase como **anexo V** á presente acta.

6. Programas de simultaneidade

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor os programas de simultaneidade que se achegan na documentación.

Tráense catro programas de simultaneidade, tres deles dos graos da Facultade de Filoloxía. O cuarto programa de simultaneidade é entre Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica, de cinco cursos.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **anexo VI**

7. Aprobación da V convocatoria do programa Docentia e do Manual de avaliación da actividade docente do profesorado

Continúa coa palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, para expor o punto.

O Manual de avaliación docente incorpora as sucesivas modificacións derivadas das convocatorias de avaliación. Incorpórase a docencia en galego como lingua docente especialmente avaliada, xunto co inglés. O proceso de avaliación está realizado por distintos comités, en que hai presenza de profesores (da UDC e alleos) e estudantes (2, un da UDC e outro externo).

A V convocatoria está preparada para que inicie o seu longo proceso de desenvolvemento á volta da Semana Santa.

Rosa Meijide pregunta para que serve o programa Docentia. O vicerreitor replica que a avaliación docente ten dúas vertentes, a institucional e a persoal. Na parte institucional, a avaliación docente é fundamental para a avaliación dos títulos. Na parte persoal, o proceso de avaliación docente permite mellorar a docencia individual de xeito obxectivo, habilita unha



redución da carga docente, e permite mellorar o rendemento nos complementos autonómicos e a acreditación do profesorado pola ANECA.

O profesor Sobrino Heredia pregunta como se seleccionan as comisións de avaliación. O vicerreitor explica que o procedemento é complexo, comezando por unha convocatoria aberta entre o profesorado xa avaliado e o estudantado. Os externos son designados pola ACSUG. Todos eles reciben unha xornada de formación para o proceso de avaliación.

Gonzalo Faya pregunta cantas horas reduce a avaliación positiva de Docencia. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente contesta que está recollido nas normas de confección do POD que aproba o Consello de Goberno: 10 horas.

Tras as anteriores intervencións, apróbanse as propostas por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpóranse como **anexo VII**.

8. Proposta de concesión de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita que se amplíe nove días a licenza concedida a María Luísa Sánchez Simón por Acordo do Consello de Goberno do 27 de marzo de 2014, por proposta do centro en que realiza a estadía. A licenza orixinal remata o 12/04/2015, e a profesora solicita permanecer até o día 21 de abril de 2015.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VIII**.

9. Resolución do recurso de reposición contra a proposta de premios extraordinarios de doutoramento 2012-2013, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de outubro

Toma a palabra o secretario xeral, que expón o punto.

Trátase de desestimar o recurso de reposición interposto por D. Javier Parapar López ante o Consello de Goberno da Universidade da Coruña o 28 de novembro 2014 (Rexistro de entrada n.º 8574) contra o Acordo adoptado polo dito órgano con data 30 de outubro de 2014 polo que se concede a mención de Premio Extraordinario de Doutoramento, curso 2012-2013, programas de Informática e Matemática.



Apróbase a desestimación do recurso de reposición e incorpórase como **anexo IX** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de acordo de aceptación da doazón do fondo bibliográfico de María Josefa Wonenburger

O secretario xeral defende a proposta de acordo, previa á súa aprobación polo Consello Social, para incorporar o fondo bibliográfico da nosa doutora honoris causa, que é cedido polos seus herdeiros para a biblioteca da Facultade de Informática.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**.

11. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Gonzalo Faya pregunta sobre a situación da residencia universitaria na Coruña

Ernesto Vazquez-Rey Farto toma a palabra para despedirse do Consello de Goberno, non sen antes preguntar tres cousas. Pregúntalle ao xerente sobre a explotación da marca por parte de REPRONOR. Á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura pregúntalle se nunha comisión de estudantes se puxo en dúbida a súa honorabilidade, solicitando a reforma do Regulamento de estudantes para evitar que máis de dous membros da mesma asociación de estudantes formen parte da Comisión de Extensión Universitaria. Finalmente, solicítalle ao secretario xeral que se inclúa a relación de estudantes asistentes ao Consello de Goberno, a prol da transparencia dos órganos de goberno.

Manuela Pinaza, en representación do PAS, manifesta o seu malestar pola imposición dos servizos mínimos, fronte aos servizos que se aprobaron na USC.

A respecto da residencia pública na Coruña, o reitor contesta que todo indica que a cesión de instalacións municipais foi paralizada por parte da Deputación da Coruña e do Concello. A pesar de que durante 2014 se intercambiaron borradores de convenio e mesmo se estudaba xa a remodelación do espazo para o seu acondicionamento como residencia universitaria, desde hai un par de meses nin o alcalde nin o presidente da



Deputación atenden as nosas solicitudes de explicación. De feito, nin lle devolven as chamadas ao reitor. Hai semanas que se solicitou por escrito unha reunión e non nos contestaron. Por iso, o reitor coída que se produciu un parón nos trámites de cesión, do que non nos constan os motivos.

O xerente replica que os servizos mínimos foron os mesmos que se aprobaron nas últimas convocatorias de folga no ensino, e coinciden cos aprobados coa Universidade de Vigo na vontade de conciliar os dereitos de folga cos dereitos dos traballadores de acudir ao traballo con normalidade se así o estiman oportuno.

O reitor, para rematar, lembra que o vindeiro mércores terá lugar o Claustro, en que se renovará a representación dos seus distintos sectores no Consello de Goberno, polo que agradece a todos os estudantes, profesores e PAS representantes do Claustro no Consello de Goberno saíntes o seu labor durante estes anos.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 10:28 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito